

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, a 18 de xaneiro de 2017.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

R. 0238

LÁNCARA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno do Concello de Láncara en sesión extraordinaria realizada o 24/11/2016 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal n.º 10 reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos do Concello de Láncara. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 03/12/2016 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS DO CONCELLO DE LÁNCARA

Artigo 1º.-Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 133 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación de servizos urbanísticos na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos á concesión das licenzas que, preceptivamente, deban solicitarse do Concello para a execución de calquera clase de construcións e obras ou instalacións dentro do termo municipal, así como a prestación doutros servizos urbanísticos, así como aqueles outros actos suxeitos a procedementos de intervención distintos da licenza de conformidade co artigo 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Entre os procedementos de intervención se inclúen os procedementos establecidos con carácter xeral na lexislación para a declaración responsable e a comunicación previa, así como os supostos de actuacións comunicadas para as intervencións de sinxela técnica e escasa entidade construtiva e económica.

Así mesmo constitúe feito imponible desta taxa a realización de actuacións administrativas de inspección, control e verificación da apertura de actividades económicas sometidas ao réxime de declaración responsable

Artigo 3.- Suxeito pasivo

a) Están obrigados ó pagamento dos dereitos e taxas previstos nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas solicitantes e/ou titulares da respectiva licenza ou documento.

b) Os solicitantes e/ou titulares da licenza deberán facer constar na solicitude nome, DNI, ou CIF, domicilio fiscal do dono do terreo, dono das obras e empresa construtora. En relación con esta última, en caso de non estar designada, achegarase no momento da súa designación.

c) Responderán solidariamente cos suxeitos pasivos os propietarios ou posuidores, así como os arrendatarios, chegado o caso, dos inmobles nos que se realicen as obras, instalacións ou construcións. No suposto dos arrendatarios só poderá esixirse a responsabilidade solidaria dos propietarios ou posuidores, se as obras fosen executadas coa súa conformidade e sen abuso de dereito.

d) Serán substitutos do contribuínte os promotores e os contratistas.

Artículo 4º.- Obriga de contribuír e devengo.

A taxa devengarase cando inicie a prestación do servizo a administración municipal, coa recepción da solicitude de licenza, declaración responsable, comunicación previa ou/e a correspondente iniciación do expediente

Unha vez nacida a obriga de contribuír, non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada, por comunicacións ou declaracións responsables inspeccionadas con resultado desfavorable, nin tampouco pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez concedida a licenza ou presentada a comunicación ou declaración responsable.

Artículo 5º.- Tarifas.

- As tarifas a aplicar por cada expediente, por unha soa vez, serán as seguintes:
- Expedientes de licenza de construcións e obras, 50 euros.
- Expedientes de comunicación previa de obras menores, 25 euros.
- Expediente de comunicación previa e declaración responsable de inicio de actividades ou cambios non substanciais, 25 euros.
- Expedientes de licenzas de parcelacións e segregacións, 50 euros.
- Expedientes de licenza de primeira ocupación, 50 euros.
- Autorización de carteis de publicidade visible dende a vía pública. A colocación de carteis de publicidade visible dende a vía pública devengarán a cantidade de 20 euros por metro cadrado de cartel.
- Autorización de cambio de uso das vivendas e locais, 50 euros.

Artigo 6º.-Exencións.

Están exentas desta taxa as solicitudes de licenza de construcións, instalacións e obras das que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais cando estean exentas do imposto de construcións, instalacións e obras.

Artigos 7º. Devengo.

1. A presente taxa devéngase e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. Para estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da solicitude de licenza ou no momento da presentación da comunicación previa ou declaración responsable.

2. Se as obras se inician ou executan sen licenza previa ou sen presentar a comunicación previa, a taxa devengarase ao iniciarse a actividade municipal para determinar se aquelas son ou non autorizables, con independencia da instrución do expediente administrativo para a autorización ou derriba das obras.

Artigo 8º.-Normas de xestión.

As taxas esixírase en réxime de autoliquidación, no momento de presentar a solicitude o interesado, e no caso de que se presente de oficio, por liquidación practicada pola Administración tributaria local.

A autoliquidación, xunto cos proxectos de obras e demais documentación necesaria, para a determinación das cotas, deberá presentarse, antes do seu ingreso, nas oficinas do Concello, para comprobar que se efectuou conforme a canto se prevén na presente Ordenanza.

Cando os servizos municipais comprobén que se realizou unha construción, instalación ou obra sen obter a previa licenza preceptiva ou sen obter a eficacia da comunicación previa, considerarase o acto de comprobación como a iniciación do trámite desta última, con obriga de suxeito pasivo de abonar a Taxa establecida, sen perxuízo da imposición da sanción que corresponda pola infracción urbanística cometida ou da adopción das medidas necesarias para o restablecemento da actividade urbanística.

caso, a cantidade diferencial que resulte.

Artigo 9º.-Infraccións e sancións.

Para todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias e á imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor mentres non se modifique ou derogue expresamente.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

A presente Ordenanza Fiscal derroga a publicada no BOP de Lugo de 30 de maio de 2012.

Contra o acordo polo que se aproba esta ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo nas formas e prazos que establecen as normas reguladoras de dita xurisdición.+

A Pobra de San Xiao (Láncara), 23 de xaneiro de 2017.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López